

VALORES HUMANOS E CRISTIÁNS

A confianza


A confianza é a seguridade de que unha persoa vai facer o que esperamos dela. Confiar en Deus é crer nel.

1 Descifra e escribe no teu caderno. Logo, explícalle ao teu compañeiro ou compañeira en que consiste a confianza do cristián en Deus.

✝ = a	🍞 = e	🔔 = m	☁ = p
♥ = b	🕯 = i	🌴 = n	🌸 = s
☆ = d	🍷 = l	🌈 = o	☀ = t

«Nisto consiste a confianza que temos ① 🌴 🍞 🍷: en que se lle ② ☁ 🍞 ☆ 🕯 🔔 🌈 🌸 algo segundo a súa vontade, nos escoita. E se ③ 🌸 ✝ ♥ 🍞 🔔 🌈 🌸 que nos escoita no que lle pedimos, sabemos que ④ ☀ 🍞 🔔 🌈 🌸 conseguido o que ⑤ ☁ 🍞 ☆ 🕯 🌸 🍞 🔔 🌈 🌸» (Primeira Carta de San Xoán 5, 14-15).

2 Confecciona unha tarxeta para darlle as grazas a unha persoa na que confías. Escríbelle por que confías nela.



Grazas porque sempre podoo
confiar en ti.

Grazas porque me escoitas
e me axudas cando te
necesito.

Es un grande amigo.

A miña intelixencia emocional

O acto de compartir

Compartir é un acto que consiste en darlles a outras persoas parte do que temos.



- 1 Observa, contesta e dialoga cos teus compañeiros.



- a) Que sentimento cres que representa a ilustración A? Por que?
- b) E a ilustración B? Por que?

- 2 Reflexiona, contesta e comenta cos teus compañeiros e compañeiras.

- a) Gústache compartir? Por que?
- b) Como te sentes cando o fas?
- c) Que é o que máis che gusta compartir?
- d) Gústache que compartan contigo?
- e) Como te sentes cando comparten?
- f) Que lle dirías a unha persoa que non sabe compartir?
- g) Como a axudarías para que aprenda a compartir?

- 3 Escoita música relaxante e comprométete a compartir algo cos demais.

